

## OUTROS

### Curso 2017/2018

CASO 685/462 Data 27/12/2017

Reclamante: Alleo	Motivo	Solicitou en reiteradas ocasións a retirada de contido de datos de carácter persoal e o desindexado dos buscadores WEB segundo a Lei orgánica de protección de datos e non obtivo resposta.
Inicio: 03/01/2018	Actuacións	Secretaría Xeral.
Remate: 08/01/2018	Resolución	Solicitásele á Secretaría Xeral un informe sobre os trámites que se estaban a realizar en relación coa solicitude feita polo interesado. O 08/01/2018 o secretario xeral remítenos unha copia do escrito dirixido ao alumno, en que lle notifica que nas páxinas directamente dependentes da Reitoría da UDC, os seus datos persoais xa foron eliminados, e que se dirixiron á dirección do centro para que proceda do mesmo xeito nas que dependían deste.

CASO 694/471 Data 20/02/2018

Reclamante: PDI	Motivo	Tras unha reunión mantida na miña oficina xunto con outro profesor, comunica por escrito a denegación dunha solicitude para impartir un curso de extensión universitaria e sinala que están vivindo nos últimos meses unha oposición crecente a que sigan organizando ese tipo de cursos.
Inicio: 18/04/2018		Relata que coa nova normativa aprobada en maio de 2017 están seguindo os protocolos previstos para tramitar a aprobación por unha comisión delegada do Consello de Goberno e que esta se baseou nun informe solicitado a outro departamento para denegarlle a organización do curso. A pesar das súas alegacións, mantívose a denegación con base nun novo informe dese departamento, que se ratificou no seu informe anterior.
Remate: 07/06/2018		Comenta que lles chama a atención o posicionamento institucional que fai a comisión delegada a favor dese departamento e que non se solicitara ao seu propio departamento, pois esas disciplinas non son competencia exclusiva dos seus titulados, como queren atribuírse, senón tamén doutras áreas de coñecemento como a súa; que se senten indefensos e que entenden que existe unha crecente oposición ás súas actividades formativas que lles impide proseguir coa súa actividade divulgativa sobre determinadas ferramentas no mundo da empresa. Destaca que están vendo que, ademais, esa tendencia a solicitar a terceiros a opinión sobre os méritos dos relatores, a súa capacidade investigadora e o seu <i>pedigree</i> parece non estar a ser requirida para outros moitos cursos de extensión universitaria que se están a organizar.
		O 09/03/2018 o interesado envíanos un novo escrito en que nos comunica unha nova denegación dun curso que estaba na súa segunda edición, baseándose novamente nun informe previo do mesmo departamento. Salientan, tamén, que entre as causas que a comisión alega nesta denegación se inclúen requisitos aprobados con posterioridade en Consello de Goberno ("Ao menos o 60% da docencia nos cursos de extensión universitaria será impartida por profesorado da UDC").
		Ao considerar que se podería estar a atentar contra os seus dereitos, incluída a liberdade de cátedra, e como queira que levaban xa moitos anos impartindo este tipo de cursos sen ningún problema, solicítame un informe sobre o procedemento de autorización/denegación da organización de cursos de extensión universitaria e a súa aplicación ao seu caso.
	Actuacións	Normativa e Vicerreitoría de Estudiantes, Participación e Extensión

Resolución

Tras analizar o marco legislativo das ensinanzas non oficiais e a regulamentación universitaria ao respecto, o 04/05/2018 solicito un informe á Vicerreitoría de Estudiantes, Participación e Extensión Universitaria sobre a) Os motivos que levaron a esa vicerreitoría a propoñer a aprobación do Regulamento dos cursos de extensión universitaria no Consello de Goberno do 31 de maio de 2017; b) O modo de proceder da Comisión de Extensión Universitaria e, de ser o caso, outros acordos de denegación de autorización adoptados por esta a respecto dos diferentes cursos, seminarios e outras actividades formativas sometidas á súa consideración; e c) Os motivos que levaron á Comisión de Extensión Universitaria a informar negativamente sobre a organización do “Curso \*\*\*” e do “\*\*\*”.

Recibido o informe da vicerreitora, de data 21/05/2018, e concluída a análise do asunto, elaboro o seguinte informe, que envío ao reclamante o 05/06/2018, con copia á vicerreitora o 07/06/2018:

**Informe**

A cuestión que aquí se substancia garda relación coa recente denegación de autorización para organizar dous cursos de extensión universitaria, por parte da Comisión de Extensión Universitaria: “\*\*\*” e “\*\*\*”

Para entendermos a cuestión en profundidade cómpre abordar o asunto desde distintas dimensións: I. Marco legislativo; II. Regulamentación universitaria; III. Aplicación do regulamento da UDC.

I. MARCO LEGISLATIVO

I.1. Contexto xeral

A formación permanente no espazo europeo de educación superior é un tema considerado desde as primeiras declaracións sobre educación (Boloña, 1999; Lisboa, 2000; Praga, 2001...). Estase a impartir na práctica totalidade das universidades baixo denominacións e cargas docentes moi diversas, á marxe das titulacións oficiais que están organizadas e reguladas pola lexislación vixente.

Entre as funcións da universidade ao servizo da sociedade, a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades (LOU) recolle “A difusión do coñecemento e da cultura a través da extensión universitaria e a formación ao longo de toda a vida” (artigo 1.2d)). No seu artigo 34.1, a LOU recolle explicitamente que as universidades, ademais dos títulos oficiais e con validez en todo o territorio nacional, poderán impartir ensinanzas conducentes á obtención doutros títulos, cuestión que recae en facultades e escolas (artigo 8) e en institutos universitarios (artigo 10), atribuíndo aos departamentos, entre outras, as funcións de coordinaren a docencia de acordo coa programación docente da universidade e de apoiaren as actividades e iniciativas docentes do profesorado (artigo 9).

A LOU e demais lexislación posterior afondan no detalle da organización e a programación das ensinanzas conducentes á obtención de títulos oficiais, mais deixan no ámbito das universidades a organización das restantes ensinanzas universitarias. O Estatuto do estudante universitario (Real decreto 1791/2010) recolle explicitamente que “as universidades establecerán os criterios que regulen a programación docente e a avaliación dos estudantes que cursan os diferentes tipos de ensinanzas non conducentes a un título oficial” (artigo 33.1).

I.2. Garantía de calidade

Aínda que a regulación da organización das ensinanzas que non levan á obtención de títulos oficiais queda directamente en mans das universidades, a LOU recolle claramente que a garantía de calidade debe darse para todo tipo de ensinanzas universitarias

---

---

(artigo 31.2). O Estatuto do estudante universitario recolle tamén de maneira explícita a necesidade de velar pola calidade nestes estudos: artigo 11. (sobre os dereitos específicos dos estudantes de formación continua e outros estudos ofrecidos polas universidades) a) Os estudantes teñen dereito “a que as universidades desenvolvan os seus programas de formación continua con criterios de calidade...”; artigo 33. (sobre a programación docente e a avaliación do estudante de ensinanzas non conducentes á obtención dun título oficial) 2. “En todo caso, garantirase o dereito dos estudantes a unha formación de calidade...”

### I.3. Liberdade de cátedra

Tendo en conta que a organización dos títulos propios compete ás universidades e que sobre elas recae tamén a responsabilidade de velar pola súa calidade, calquera proposta de nova implantación ou de renovación dun curso de especialización debe ser sometida aos controis que as universidades decidan establecer regulamentariamente para tal efecto, sen que caiba invocar en contrario a liberdade de cátedra. Así, o artigo 33.2 da LOU recolle que “a docencia é un dereito e un deber dos profesores das universidades que exercerán con liberdade de cátedra, sen máis límites que os establecidos na Constitución e nas leis e os derivados da organización das ensinanzas nas súas universidades.” Aínda que os límites da liberdade de cátedra foron frecuentemente obxecto de controversia, especialmente nos últimos anos con motivo da implantación do espazo europeo de educación superior, diversas sentenzas do Tribunal Constitucional interpretan que a liberdade de cátedra, recoñecida no artigo 20.1 da Constitución e no artigo 13 da Carta de dereitos fundacionais da Unión Europea, se concreta no ámbito universitario no dereito do profesor a transmitir os seus coñecementos como estime oportuno, podendo expresar as súas ideas e conviccións científicas, técnicas, culturais e artísticas sen máis límites que os establecidos na Constitución e nas leis e os derivados da organización das ensinanzas na universidade. En suma, a liberdade de cátedra enténdese como a posibilidade de expresar as ideas e conviccións que cada profesor asume como propias a respecto da materia obxecto da súa docencia.

## II. REGULAMENTACIÓN UNIVERSITARIA

### II.1. Contexto xeral

Segundo recolle o meu colega da Universidade de Extremadura nun documento interno de presentación e debate para unha reunión dun nutrido grupo de valedores universitarios sobre “Títulos propios”, a práctica totalidade dos estatutos das universidades españolas consideran a posibilidade de impartir títulos propios e programas orientados á formación permanente, á actualización de coñecementos ou á adquisición de aptitudes, capacidades e habilidades técnicas, culturais ou artísticas de toda índole. A configuración de programas formativos diferentes aos oficiais permite ás universidades adaptaren de forma áxil e flexible a súa oferta formativa ás demandas da sociedade.

Ante a falta dunha regulación xeral sobre os títulos propios, cada universidade elabora as súas propias normas de aplicación e os seus procedementos para a definición e aprobación dos programas formativos. O deseño das ensinanzas debe ser coherente non só coas demandas externas ás que se pretende atender, mais tamén coas estratexias de carácter xeral da propia universidade, de forma que as iniciativas do profesorado están suxeitas á estratexia da institución.

A diversidade e a disparidade na organización, verificación e acreditación dos títulos propios é tal que en xullo de 2010 o pleno do Consello de Universidades acorda uns criterios mínimos na procura dunha certa homoxeneidade entre as universidades e para

---

---

poder proceder ao rexistro deses títulos no Rexistro de Universidades, Centros e Títulos (RUCT) para efectos informativos, tal e como prevía a disposición adicional vixésima da LOU e recolle o Real decreto 1509/2008 polo que se regula o RUCT.

Aínda que a día de hoxe, os acordos adoptados polo Consello de Universidades distan moito de estar xeneralizados, e seguen a producirse diferenzas significativas entre universidades, estas adoitan distinguir entre títulos propios de nivel de grao, títulos propios de máster, diplomas de especialización, títulos de experto e outros cursos (de extensión universitaria, de formación continua, seminarios, xornadas...). As propostas de novos títulos propios emanan xeralmente de centros ou departamentos, e cando se trata de iniciativas individuais de profesores, deben ter o apoio dunha unidade funcional.

Aínda que para a aprobación dos títulos propios de menor carga docente, os procedementos establecidos polas universidades acostuman ser máis simples, normalmente requírese que, como mínimo, desde o punto de vista académico, as propostas sexan informadas favorablemente por unha comisión da propia universidade (comisión académica, comisión de formación permanente, comisión de extensión universitaria...). Entre os requisitos que se consideran nos regulamentos das universidades para a autorización deste tipo de cursos figuran aspectos tan diversos como: o apoio dunha unidade funcional ou a tutela académica de centros, departamentos ou institutos, en caso de que a proposta emane das iniciativas de profesores; unha porcentaxe mínima de participación de profesorado da universidade na carga docente do curso; unha xustificación do interese científico, cultural, artístico ou profesional; un sistema de garantía de calidade; un proxecto orzamentario etc. No regulamento dalgunhas universidades especificase que cando as propostas de títulos propios emanen directamente dos profesores, estes teñen que estar adscritos a algunha das áreas de coñecemento relacionadas coas ensinanzas que se van impartir, ou pertencer a unha liña de investigación afín acreditada.

A Universidade da Coruña dispón do Regulamento de estudos propios de posgrao, aprobado o 25/10/2006 e modificado o 28/04/2010, e aprobou recentemente (31/05/2017) o Regulamento dos cursos de extensión universitaria, modificado o 03/04/2018. É este último regulamento o que resulta de aplicación no "Curso \*\*\* e mais no \*\*\*\*" cuxas solicitudes de autorización foron realizadas en novembro de 2017 e en xaneiro de 2018, respectivamente.

## II.2. Regulamento dos cursos de extensión universitaria da UDC

O Regulamento dos cursos de extensión universitaria da Universidade da Coruña establece un procedemento de autorización en que, para a cuestión que nos ocupa, cómpre destacar:

1. Ademais dos centros, departamentos, institutos e grupos de investigación, en xeral, calquera integrante da comunidade universitaria pode promover a realización de cursos de extensión universitaria sempre que, neste último caso, a solicitude vaia asinada por un número non inferior a tres integrantes do PDI ou do PAS da UDC e se xustifique a vinculación académica ou de servizo co tema da actividade proposta.

2. Ao menos o 60% da docencia nos cursos de extensión universitaria será impartida por profesorado da UDC. [Requisito incorporado ao regulamento con posterioridade ás solicitudes dos cursos, aos acordos de non aprobación destes pola Comisión de Extensión Universitaria e á resolución de desestimación dos correspondentes recursos].

3. A solicitude deberá conter unha descrición precisa da actividade, o cadro de profesorado, o alumnado previsto, un proxecto de

---

orçamento, a previsión de uso de infraestruturas universitarias e unha xustificación do seu interese científico, formativo ou cultural.

4. A solicitude deberá contar co informe favorable do departamento ou centro a que estea adscrita a persoa ou órgano solicitante. Este parecer deberá constatar que os contidos do curso proxectado complementan e non se sobrepoñen con ningunha actividade de ensino regrado ou título propio impartido e será acorde coa visión e a misión da UDC.

5. A aprobación da realización de cursos de extensión universitaria corresponde á Comisión Permanente de Participación e Extensión Universitaria. Dos cursos autorizados darase conta ao Consello de Goberno.

### III. APLICACIÓN DO REGULAMENTO

Os criterios establecidos no regulamento da UDC para á autorización de cursos de extensión universitaria son perfectamente homologables aos que se están a aplicar na maioría das universidades españolas.

A capacidade da Comisión Permanente de Participación e Extensión Universitaria para a aprobación ou non da realización dos cursos de extensión universitaria non resulta cuestionable, por tratarse dun regulamento ao uso, en vigor, aprobado polo Consello de Goberno da Universidade.

A aplicación dos criterios cifrados non deixa tampouco lugar a dúbidas por se trataren de criterios non suxeitos a unha interpretación subxectiva (número de asinantes da UDC non inferior a tres; ao menos o 60% da docencia a impartir por profesorado da UDC).

As dúbidas poderían xurdir na correcta valoración ou non da vinculación académica dos asinantes co tema da actividade proposta, na valoración do interese científico, formativo ou cultural da proposta e, en definitiva, nas garantías do procedemento seguido pola Comisión de Extensión Universitaria para tal efecto. É sobre o procedemento aplicado respecto do único que corresponde o meu pronunciamento, pois como valedor universitario non podo nin debo entrar en valoracións que están fóra do ámbito das miñas competencias e que requiren de coñecementos expertos.

O artigo 79.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas recolle que “Para efectos da resolución do procedemento, solicítanse aqueles informes que sexan preceptivos polas disposicións legais, e os que se xulguen necesarios para resolver, citando o precepto que os esixa ou fundamentando, no seu caso, a conveniencia de reclamálos”.

Para cumprir axeitadamente co Regulamento dos cursos de extensión universitaria da UDC, parece procedente, e mesmo necesario, que, facendo uso da súa potestade, a Comisión de Extensión Universitaria se dirixira ao departamento de \*\*\* para solicitarlle informe a respecto dos dous cursos de extensión universitaria que nos ocupan, toda vez que tanto os seus títulos como os seus programas parecen, *a priori*, máis propios e específicos dese ámbito de coñecementos e competencias.

Os informes desfavorables aprobados por unanimidade nas reunións do devandito Departamento de \*\*\* dos días \*\*\* (sobre o “Curso \*\*\*) e \*\*\* (sobre o “\*\*\*\*”) parecen contundentes, tanto no que se refire á non vinculación académica dos asinantes cos temas das actividades propostas, como na falta de fundamentos científicos que avalen a calidade dos cursos.

As resolucións en que se recollen os acordos desfavorables da Comisión de Extensión Universitaria apoiados nos informes do Departamento de \*\*\* son recorridas en senllos escritos do \*\*\* (reclamación do profesor \*\*\* sobre o “Curso \*\*\*\*”) e do \*\*\* (reclamación do profesor \*\*\* sobre o “\*\*\*\*”). Nestes recursos, os

---

interesados argumentan, entre outros, que tanto eles como as persoas que colaboran na impartición deses cursos teñen coñecementos e experiencia acreditada abonda para impartilos, que a temática dos cursos garda relación co ámbito da \*\*\* –área pola que son profesores da UDC–, que se trata dunha iniciativa formativa e que o regulamento non establece que os cursos teñan que contar con fundamento científico, pois os cursos de extensión universitaria poden ser de interese científico, formativo ou cultural.

Aínda que entendo que os argumentos presentados polo Departamento de \*\*\* nos seus informes puidesen ser considerados como suficientes para que a Comisión de Extensión Universitaria optase inicialmente pola non aprobación dos cursos, penso tamén que unha vez recorridas as resolucións de maneira argumentada, a Comisión debería ter solicitado informes completos a outras partes directamente relacionadas (Departamento de \*\*\* e/ou Facultade de \*\*\*, ou mesmo axentes externos, de ser preciso), pois compre salientar que os preceptivos informes favorables do departamento ou centro ao que estean adscritas as persoas ou órganos solicitantes (art. 4 do Regulamento), limitáanse a constatar que os contidos dos cursos proxectados complementan e non se sobrepoñen con ningunha actividade de ensino regrado ou título propio impartido na UDC e que son acordes coa visión e a misión desta universidade. Así, nos informes emitidos polo director do Departamento de \*\*\* sobre os cursos que nos ocupan (informes do \*\*\* e do \*\*\*) non se entra a valorar nin a vinculación académica dos asinantes cos temas das actividades propostas, nin o seu interese científico, formativo ou cultural.

A Universidade debe apoiar e impulsar a innovación na docencia e na investigación e a transferencia e a divulgación do coñecemento. Así como é consubstancial coa investigación que cada investigador formule constantemente novas hipóteses, que en todo caso haberán de ser verificadas mediante o método científico, a transmisión de coñecementos que non estean suficientemente contrastados pode chegar nalgúns casos a resultar altamente prexudicial para quen se achega de boa fe a recibilos contando coa garantía de que é unha universidade pública a que está detrás. Esta dualidade –a de permitir e mesmo estimular a innovación na docencia velando ao propio tempo pola súa calidade como unha administración pública prestixiosa e responsable– é a que debe levar á Universidade da Coruña a facer todo o esforzo que sexa preciso tanto no impulso como no control da calidade dos cursos de extensión universitaria que se sometan á súa aprobación.

No informe por min solicitado mediante un oficio do pasado 3 de maio, a vicerreitora de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria destaca que a elaboración do Regulamento dos cursos de extensión universitaria, que foi aprobado no Consello de Goberno do 31 de maio de 2017, tivo lugar moito antes da solicitude deses cursos, como parte dos obxectivos marcados cando chegou o novo equipo reitoral en xaneiro de 2016. A vicerreitora indica tamén que desde esa data se recibiron 19 solicitudes, das cales foron rexeitadas cinco (dúas por non seren consideradas cursos de extensión universitaria, senón de investigación, unha por ser impartida por persoal alleo á Universidade da Coruña, e as dúas que corresponden aos cursos obxecto de consideración neste informe). Salienta finalmente que entre os cursos aprobados se atopa un que foi proposto polos mesmos profesores destes cursos (achégase copia do meu oficio e do informe da vicerreitora).

A xulgar polos títulos e os programas, e polas áreas de coñecemento ás que pertencen os solicitantes, ningún dos cursos de extensión universitaria que foron aprobados pola Comisión de

---

Extensión Universitaria e presentados no Consello de Goberno do pasado 29 de maio parece xerar as dúbidas que razoablemente puideron xerar nesa comisión os cursos obxecto da polémica. Da análise da normativa en vigor e de toda a documentación dispoñible, non aprecio, por parte da Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria nin da Comisión de Extensión Universitaria, máis que unha clara intención de cumprir axeitadamente coa responsabilidade de velar por unha correcta organización docente e pola calidade dunha formación das que é responsable a Universidade da Coruña. Porén, penso que, como unha medida adicional e para maiores garantías de imparcialidade, antes de rexeitar definitivamente a aprobación dun curso por moi contundentes que poidan parecer os argumentos dun departamento alleo ao dos profesores solicitantes, sería conveniente pedir un detallado informe ao departamento e/ou ao centro en que se desenvolven as ensinanzas propias da área de coñecemento destes, especialmente cando defenden o seu recurso de maneira argumentada e contraria á opinión manifestada polo departamento alleo. Trataríase, en definitiva, de contrastar pareceres e, en caso de que se manifestasen claras discrepancias ou dúbidas razoables, mesmo cabería acudir a informes externos para dirimilas.

**CASO 696/473** Data 05/03/2018

Reclamante: Alumno	Motivo	O alumno envía un correo electrónico dirixido ao valedor universitario co seguinte contido: "Te escribo para que inicies procedimientto en cuanto al incumplimiento de las adaptaciones a las que tengo derecho como consecuencia de mi discapacidad."
Inicio: 07/03/2018		Tras comunicarlle que para a admisión a trámite da súa reclamación debía concretar as materias, os motivos e a pretensión da súa reclamación, o 28/03/2018 envía un documento en que presenta unha información de carácter xeral e outra referida a catro materias concretas, unha delas relativa aos cursos 2016/17 e 2017/18 e as outras tres referidas ao 2017/18.
Remate: 26/06/2018		Sinala no seu escrito que só vai falar das materias que cursou ou que está a cursar este ano e afirma: "puesto que la recopilación de correos y pruebas para demostrar esto, es una ardua tarea, que además he de compatibilizar con las asignaturas que estoy cursando en este cuatrimestre, considerando que este es un esfuerzo más que hay que sumar al hecho de que no se cumplan con las adaptaciones, al tener que estar siempre reclamando que las cosas se hagan bien respondiendo correos y cuadrando fechas de trabajos, exámenes, pruebas médicas, sesiones de *** [referencia ao tratamento que precisa], estudio de mis asignaturas, etc."
		O 03/04/2018 o interesado envía, como información complementaria, un documento sobre as adaptacións, que lle fora remitido polo centro en xaneiro de 2018. Xunto con cuestións que si teñen que ver co obxecto da súa reclamación ( <i>Incumplimento das adaptacións ás que di ter dereito por mor da súa discapacidade</i> ), incorpora toda unha serie de cuestións que pouco ou nada teñen que ver con ela.
	Actuacións	Dirección do centro, Unidade de Atención á Diversidade da UDC (ADI), responsable de Atención á Diversidade do centro e profesoras/es responsables das materias.
	Resolución	Limitámonos a tratar as cuestións relacionadas cos supostos incumplimentos das adaptacións ás que o interesado considera ter dereito e sobre as que a Unidade de Atención á Diversidade da universidade realizou a oportuna proposta ao centro. Analizado o contexto normativo, solicitada e analizada a información da dirección do centro, do profesorado das materias e

---

da responsable da ADI, así como numerosos correos electrónicos intercambiados entre as partes, preparo un extenso e detallado informe que conclúe coas seguintes consideracións e recomendacións:

#### **Consideracións finais**

Toda universidade pública ten a obriga legal e moral de facilitar o acceso ao estudo a todas as persoas que acrediten méritos para iso, con independencia da súa condición e das súas circunstancias persoais ou familiares.

Ás persoas que teñen unha discapacidade recoñecida teñen tamén todo o dereito a que a Universidade e o centro en que cursan os seus estudos lles proporcionen todas as adaptacións necesarias ao seu alcance para facelos compatibles coas circunstancias derivadas da súa concreta situación. Porén, en ningún caso o alumno poderá pretender un menor nivel de esixencia na adquisición dos coñecementos e competencias propias da titulación.

As dificultades que deben tratar de compensarse coas adaptacións que se precisen son moi diversas e dependen do tipo e do grao de discapacidade do alumno. Así, mentres que unha ampla panoplia de situacións ligadas á diversidade funcional non limitan (ou apenas o fan) o tempo dispoñible para a aprendizaxe, outras, coma no caso que nos ocupa, poden chegar a limitar ostensiblemente a dispoñibilidade de tempo. Neste último caso, entendo que, lamentablemente, por moitas e moi boas que sexan as adaptacións implementadas para tratar de economizar tempo e minimizar esforzos, a realidade é que a única forma de evitalo convenientemente pasa necesariamente por rebaixar as propias expectativas de rematar os estudos no mesmo tempo que quen ten a fortuna de dispoñer de todo o tempo para o estudo. A UDC, como o resto das universidades públicas do estado, considera formalmente a condición de estudante a tempo parcial, precisamente para quen, polas razóns que sexa (actividade laboral, discapacidade, coidado de persoas dependentes,...) non dispón de tempo para dedicarse ao estudo a tempo completo. Lonxe de atender ás recomendacións do centro para matricularse dun menor número de créditos, o interesado matricúlase dun número que mesmo excede amplamente do tempo previsto para un estudante a tempo completo, e reacciona abertamente contra quen, con bo criterio, lle traslada esas recomendacións. A Unidade de Atención á Diversidade da UDC realiza un traballo abnegado e moi valorado, mais neste caso boto de menos unha recomendación desta índole ao interesado cando acode por primeira vez na procura de axuda.

Cando un uso racional dos tempos se fai tremendamente difícil por escaso, o interesado debería aceptar de bo grao que se lle ofrecese a posibilidade de que el mesmo formulase as súas propostas de encaixe das adaptacións requiridas coa súa propia dispoñibilidade de tempo útil para dedicar á aprendizaxe. Pola contra, o interesado rexeita abertamente eses ofrecementos, e mesmo os utiliza para tratar de denigrar a quen llos propón, dicindo que é a eles a quen lles corresponde facer ese traballo, como se dunha desidia pola parte deles se tratase. Cando menos hai constancia diso en correos intercambiados polo alumno coa responsable de Atención á Diversidade e co profesor de \*\*\*.

Aínda que sempre hai un espazo para a mellora, entendo que, dunha maneira xeral e cos medios ao seu alcance, a Escola \*\*\* foi quen de afrontar convenientemente a difícil tarefa de tratar de xestionar adecuadamente unhas adaptacións ás veces imposibles por falla de tempo e cunha persoa, o alumno \*\*\*, que parece máis disposta á confrontación que á colaboración.

Resulta altamente preocupante a incontinencia e os modos con que o alumno trata de impoñer á dirección do centro, á súa responsable de Atención á Diversidade e ao seu profesorado (e

---



---

parece que tamén aos seus compañeiros) os seus propios criterios e a súa propia interpretación das normas, preocupándose máis por aprobar sexa como for que por aprender. Acusacións gratuítas de falsidade, auténticas insidias e provocacións ao profesorado, á dirección e á responsable de Atención á Diversidade do centro (que mesmo se poden apreciar en moi diversos correos), e ata a autoría (segundo diversos profesores e responsables) de frases grosas que prefiro non cualificar neste momento, fanme pensar que talvez este alumno estea a sufrir unha certa distorsión da realidade, á que debería procurar poñer remedio canto antes. Do contrario, e de se trataren de actuacións plenamente conscientes e a mala fe, considero que sería a propia Universidade a que debería poñerlle freo.

En ningún dos numerosos correos electrónicos e escritos dos diversos profesores e responsables do centro que tiveron ocasión de ver para tratar de coñecer a fondo a situación do interesado a respecto das adaptacións das materias que someteu á miña consideración, aprecio a máis mínima falla de respecto cara á súa persoa. A corrección e a preocupación pola situación, en cada materia e con carácter xeral, foi unha constante que percibín nas miñas longas conversas con todos os profesores e responsables do centro cos que tiveron a ocasión de falar abertamente sobre as adaptacións do alumno \*\*\*.

#### **RECOMENDACIÓNS**

##### Á responsable da Unidade de Atención á Diversidade da UDC

Valorar, xunto co alumno, o tempo real dispoñible para dedicar ao estudo evitando esforzos físicos intensos e prolongados, en contacto cos responsables do centro e, especialmente, coa súa responsable de Atención á Diversidade.

##### Ás responsables do centro e ao profesorado

Ao tratarse dunha situación xa coñecida e pautada, procurar que unha vez matriculado o alumno, e a ser posible con anterioridade ao comezo do curso ou, como máximo na primeira semana de clase, se concreten os horarios e as actividades que se van desenvolver por este para a aprendizaxe e a superación de cada materia.

Profundar nas medidas de acción positiva e na aplicación dos axustes razoables que faciliten, en todo o que sexa posible, o mellor aproveitamento do tempo en cada cuatrimestre, para que o alumno poida cursar o maior número de créditos que a súa dispoñibilidade horaria llo permita, evitando esforzos físicos intensos e prolongados e sen rebaixar o nivel de esixencia na adquisición dos coñecementos e competencias propias da súa titulación.

Para optimizar a comunicación entre o alumno e o seu profesorado, fixar convenientemente os horarios de titorías de cada materia, cumprindo co estipulado nas normas que regulan o réxime de titorías na Universidade da Coruña, tendo en conta a correcta aplicación dos artigos 21 e 22 do Estatuto do estudante universitario, contando coas especificidades propias do ámbito sanitario (RD 1652/1991, do 11 de outubro, polo que se modifica parcialmente o Real decreto 1558/1986, do 28 de xuño, polo que se establecen as bases xerais do réxime de concertos entre as universidades e as institucións sanitarias), e de acordo co estipulado no artigo 11.3 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades: "Os centros adscritos a unha universidade rexeranse polo disposto nesta lei, polas normas ditadas polo Estado e as comunidades autónomas no exercicio das súas competencias, polo convenio de adscrición e polas súas propias normas de organización e funcionamento..."

De se produciren actuacións concretas do alumno que puidesen quebrantar o cumprimento do seu deber de respectar aos membros da comunidade universitaria, ao persoal das entidades

---

---

colaboradoras ou que presten servizos na universidade, tal e como se recolle no artigo 13 b) do Estatuto do estudante universitario, poñelo inmediatamente en coñecemento da Reitoría ou desta valedoría universitaria para o inicio, no seu caso, dos procedementos e actuacións de carácter disciplinario que corresponder.

Ao interesado

Reflexionar sobre a súa dispoñibilidade de tempo efectivo para dedicar ao estudo evitando esforzos intensos e prolongados, e colaborar cos responsables do centro e co seu profesorado no deseño e a aplicación das adaptacións que se consideren máis acaídas.

Sen deixar de reclamar o cumprimento dos seus dereitos cando realmente considere que puidesen estar a ser vulnerados, facer unha valoración repousada e obxectiva de cada cuestión antes de tomar unha decisión que lle podería requirir a el mesmo, ao seu centro, a outros ámbitos da Universidade da Coruña, e/ou a outros entes, unha perda desmesurada e innecesaria de tempo.

Manter, en todo momento, un trato correcto con todas as persoas coas que ten necesariamente que interactuar na súa condición de alumno do grao en \*\*\* da Universidade da Coruña (estudantes, profesores, responsables do centro e outros responsables da institución universitaria), e pensar en que, se ben no ámbito do respecto entre as persoas non deben facerse distincións con base na súa condición, no referente a cuestións puramente académicas o profesor é o docente e o alumno o discente.

O informe íntegro (que consta de 25 páxinas e 9 anexos), envíase ao alumno reclamante, á directora do centro e á responsable da ADI da UDC, con copia á vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social

---

## Curso 2016/2017

**CASO 649/426** Data 18/10/2016

Reclamante: Allea	Motivo	Unha ex-alumna da UDC envía un escrito, a través do Rexistro Xeral da Xunta de Galicia, en que informa da súa experiencia durante a realización do Practicum dun mestrado e insiste na necesidade dun plan de continxencias para evitar situacións de risco en laboratorio que estima que mesmo poderían derivar en casos de responsabilidade civil por parte do alumnado en prácticas.
Inicio: 26/10/2016		
Remate: 26/10/2016		

---

Actuacións	Normativa
------------	-----------

---

Resolución	<p>O caso garda relación cunha resolución reitoral que desestimara un recurso da interesada tras obter unha cualificación de "Suspenso" no <i>Practicum</i> na primeira oportunidade de avaliación. Envíaselle a seguinte resposta motivada:</p> <p><i>En relación co seu escrito do 11 de outubro de 2016 (registro de entrada nesta oficina do 18/10/2016), infórmoa, en primeiro lugar, do marco de competencias e atribucións do órgano do valedor universitario que figuran recollidas no Regulamento do valedor universitario da Universidade da Coruña (en diante RVU), aprobado polo Claustro Universitario o 5 de maio de 2006, en cumprimento do estipulado na disposición decimo cuarta da Lei orgánica de universidades (Lei orgánica 6/2001) e nos Estatutos da Universidade da Coruña (Capítulo VI do Título IV do Decreto 194/2007). Así:</i></p> <p><i>O valedor universitario é o órgano encargado de velar polo respecto dos dereitos e das liberdades de todos os membros da comunidade universitaria nas actuacións dos diferentes órganos e servizos da Universidade... (art. 1 do RVU).</i></p> <p><i>O valedor universitario supervisará as actividades da Universidade</i></p>
------------	--

---

---

*dentro dos límites establecidos no artigo 1 deste regulamento e coidará, de oficio ou por instancia de parte, de que fique garantido o pleno respecto dos dereitos e liberdades de todos os membros da Universidade da Coruña, para evitar situacións de indefensión ou de arbitrariedade. En ningún caso poderá actuar en relación con actos que esgoten a vía administrativa ou contra os que se interpuxese un recurso administrativo ou xudicial (art. 12.1 do RVU).*

*Calquera membro da Universidade da Coruña que invoque un interese lexítimo poderá dirixirse, sen ningunha restrición, ao valedor universitario (art. 15.1 do RVU).*

*As reclamacións formularaas a persoa interesada mediante a presentación dun escrito que conteña o seu nome e os seus apelidos, o seu número de documento oficial de identidade ou pasaporte, o sector ao que pertence e o seu domicilio para os efectos de notificación. Nel deberanse concretar, con suficiente clareza, os feitos que orixinan a reclamación, o motivo e o alcance da pretensión formulada e o pedimento que se dirixa ao valedor universitario. (art. 15.2 do RVU).*

*Por todos estes motivos e, aínda agradecéndolle o seu interese pola mellora do funcionamento da institución universitaria, lamento comunicarlle que non procede a admisión a trámite da súa reclamación, ao ter sido o seu caso obxecto de resolución reitoral (vía administrativa esgotada), e carecer vostede neste momento da condición de membro da comunidade universitaria da Universidade da Coruña. Isto non a obsta, para que, na medida das competencias atribuídas ao valedor universitario, poidamos facer uso da información que chega por diversas vías á nosa oficina para formular as recomendacións ou suxestións que estimemos oportunas en defensa dos dereitos e as liberdades dos membros da comunidade universitaria da Universidade da Coruña.*

*A presente notificación faise en cumprimento do artigo 16.2 do RVU, que recolle que o valedor universitario rexistrará e emitirá un xustificante de recepción de todas as reclamacións presentadas que admitirá ou non, motivadamente, no prazo máximo de quince días hábiles.*

---

**CASO 653/430** Data 12/01/2017

Reclamante: Alumno	Motivo	Para a realización das prácticas curriculares, inicia a xestión dun convenio motivado de prácticas nunha entidade non incluída na listaxe ofertada polo centro. O inicio da xestión realízase tras unha consulta verbal ao coordinador de prácticas, quen lle responde que era posible, mais que ía xusto de tempo e que non se debería compaxinar coa solicitude de prácticas nunha das entidades ofertadas directamente polo centro.
Inicio: 12/01/2017		Dous días despois de iniciado o contacto coa entidade e á espera de resposta sobre a posibilidade do convenio, e ante a inminencia do peche do prazo para solicitar a realización das prácticas nunha das entidades ofertadas polo centro, o 30/11/2017 procede a presentar unha solicitude de asignación consignando as cinco prazas da súa preferencia de entre a listaxe ofertada.
Remate: 20/03/2017		O 12/12/2017 contacta coa entidade coa que iniciara a xestión para a sinatura do preceptivo convenio e indícanlle que este está listo para ser asinado. O 13/12/2017 asignanlle o centro de prácticas que lle correspondeu de entre as cinco opcións prioritarias por el consignadas na súa solicitude do 30/11/2017. O centro asignado está situado en Santiago de Compostela. Preocupado pola situación coa entidade, envía un correo á coordinadora do <i>Practicum</i> e do grao reconstruíndo o sucedido e pedindo que se comunique á entidade a decisión pola que non se procederá á sinatura do convenio.

---

En presenza dunha vicedecana, cando acode a recoller a “Comunicación de asignación de centro de titorización”, os coordinadores maniféstanlle que os feitos que relata no seu correo non se corresponden coa realidade do sucedido, que se senten inxuriados, e invítano a enviarlles un escrito de desculpas para dar “carpetazo” ao sucedido. Séntese intimidado, acepta pedir desculpas recoñecendo que non redactou fielmente parte do seu correo, pero que non o fixo intencionadamente. Asina e recolle a comunicación de asignación do centro.

Cita diversos puntos do Procedemento de xestión de prácticas da titulación, co fin de dar a entender que lle asiste a razón, e solicita a mediación do valedor universitario para resolver a situación coa entidade coa que xestionara a sinatura do convenio que non chegou a termo.

Actuacións	Normativa e coordinadores das prácticas curriculares.
Resolución	<p>Analizada a normativa de aplicación, remito o escrito de queixa á coordinadora e pídolle que, na medida en que a proposta e a intervención do alumno de cara á sinatura do convenio de cooperación educativa para poder realizar as súas prácticas na entidade da súa elección foran realizadas en tempo e forma, non se produzan agravios comparativos co resto do alumnado e non se prexudique a terceiras persoas, se atenda ao espírito e ao fondo da norma, na que se consideran canles para dar unha cabida flexible á iniciativa do alumnado para a realización das súas prácticas curriculares externas. Solicítolle unha análise das cuestións sometidas á miña consideración polo alumno e un informe sobre as súas consideracións ao respecto e das actuacións que, no seu caso, decida poñer en marcha para satisfacer total ou parcialmente as súas demandas.</p> <p>O detallado informe que me remite a coordinadora o 30/01/2017 desvela cuestións relevantes que eu descoñecía e descarga toda a responsabilidade no alumno quen, segundo ela, como todo o alumnado, fora debidamente informado sobre os dous procedementos de elección de prácticas, ambos excluíntes. Remata o escrito invitándome a manter unha reunión con ela e co outro coordinador para aclarar calquera dúbida, se o considero oportuno, e sinalando que ambos os coordinadores consideran que resultaría totalmente inapropiado e un agravio comparativo co resto do alumnado, ademais do posible prexuízo para a empresa que o acolle, frear e modificar as prácticas curriculares do alumno.</p> <p>O 09/02/2017 remito un amplo correo ao interesado, acompañado dunha copia da miña solicitude de informe á coordinadora e do informe que me foi remitido por ela, ao tempo que lle formulo tres cuestións concretas que considero relevantes para clarificar definitivamente o seu caso e que lle pido que manifieste expresamente a súa conformidade ou discrepancias co contido dese informe. Para que poida responder as cuestións con pleno fundamento e total coñecemento de causa, pídolle unha atenta lectura da información e consideracións que, en relación con esas cuestións, lle envío de maneira concisa en cinco puntos.</p> <p>O 16/02/2017 o alumno contesta as tres cuestións formuladas, sinala que, polo que respecta á conformidade ou discrepancias co informe da coordinadora, entende que isto non nos leva a ningunha solución útil, comenta que non desexa seguir realizando a análise dos feitos senón simplemente continuar coas súas prácticas e os seus estudos, e remata o seu escrito defendendo a súa honorabilidade e manifestando que en ningún dos seus escritos agrede aos coordinadores na súa persoa e que el si se sente, porén, ofendido polas palabras recollidas no escrito remitido pola coordinadora.</p> <p>Tras reunirme cos coordinadores, o 02/03/2017, para tratar de clarificar algúns extremos do procedemento e falar sobre a posibilidade de que contactasen directamente coa entidade para</p>

---

explicarlles os motivos polos que non se chegou a formalizar a sinatura do convenio, o 10/03/2017 envío un detallado informe ás partes, que remato coas seguintes consideracións:

*Aprecio que o alumno acudiu á Oficina do Valedor Universitario porque o embargaba unha fonda sensación de frustración nas súas expectativas, doído porque se lle pedira diante dunha vicedecana a rectificación dunhas afirmacións que poñía en boca dos coordinadores e que estes consideraban falsas ou erróneas, e molesto porque desde a coordinación do Practicum non aceptaran contactar coa \*\*\* toda vez que, tanto pola súa parte como pola desa entidade, xa se deran todos os pasos para a sinatura do convenio.*

*Vista a normativa e demais documentación e información dispoñible e recoñecida polas partes, que inclúe o Procedemento de xestión das prácticas do grao en \*\*\*, o documento informativo "Presentación Practicum 2016-2017", a presentación do Practicum nunha xornada de encontro con empregadores e a información que lle é trasladada por escrito ao alumnado potencialmente interesado na sinatura dun convenio motivado, non cabe a menor dúbida de que as prácticas do grao en \*\*\* están a ser adecuadamente organizadas e coordinadas.*

*Entendo que, se a pesar de ser advertido o alumno da incompatibilidade das dúas vías para solicitar a realización das prácticas curriculares, como o propio alumno recoñece, lle xorden dúbidas nalgún momento sobre como proceder, ante a tardanza na sinatura do convenio motivado que está a xestionar, e para non quedarse sen facer as prácticas durante o curso, debería terse posto en contacto el con calquera dos dous coordinadores para aclaralas.*

*Do modo de proceder do alumno en todo este asunto podería colixirse, como o fan os coordinadores, unha intencionalidade por dispoñer de dúas vías alternativas de acceso, optando pola unha ou pola outra en función da praza que lle resultase adjudicada de entre as cinco solicitadas da listaxe ofertada polo centro. Os coordinadores séntense moi molestos porque a pesar de ter recoñecido o alumno os seus propios erros acuda a outras instancias para seguir cuestionando o seu labor. Pola súa parte, o alumno parece sentirse moi molesto porque os coordinadores poñan claramente en cuestión a súa honorabilidade.*

*Partindo da base de que o alumnado universitario é xeralmente xente nova en pleno proceso de formación, en ocasións pouco avezada aínda na interpretación do verdadeiro significado e alcance das normas, que mesmo pode chegar a percibir como unha presión desmedida o feito de que lle pidan unha rectificación en presenza dun órgano de goberno do centro, e dispoñendo de información abondo como para presumir que as queixas formais que se presentan ante o valedor universitario serán obxecto dunha análise en detalle, considero que existen, cando menos, dúbidas razoables sobre a verdadeira intencionalidade do alumno \*\*\* en canto á procura ou non de vantaxes usando a dobre vía de acceso ás prácticas curriculares e en canto á súa consciencia ou non no traspaso das súas propias responsabilidades aos coordinadores do Practicum.*

*Aclarado o asunto nos seus aspectos formais e ante as dúbidas sobre a verdadeira intencionalidade ou non do alumno nas súas controvertidas actuacións, pido aos coordinadores do Practicum que dean o caso por pechado, como o solicita o propio alumno, e eviten facer recaer sobre el a pesada lousa dunha firme posta en cuestión da súa honorabilidade.*

*Aínda que, seguindo o procedemento establecido e o que lle foi notificado ao alumno polo coordinador \*\*\*, no seu correo do 23 de novembro, é ao alumno a quen lle corresponde establecer os contactos e promover o convenio ata a súa sinatura pola entidade*

---

---

*colaboradora, dado que no seu correo do 23 de decembro a persoa de contacto co alumno na \*\*\* lle notifica a este que xa teñen asinado o convenio, parece procedente que, unha vez coñecido isto, desde a coordinación do Practicum falen coa persoa de contacto do alumno para explicarlle brevemente os motivos (procedemento e prazos) polos que o convenio foi finalmente abortado e para agradecerlle a súa disposición a colaborar.*

---

**CASO 669/446** Data 21/06/2017

Reclamante: Alumno	Motivo	Quéixase do interese que ten a vicedecana responsable de Calidade do centro en que plasme por escrito as súas queixas. A queixa consiste nun correo electrónico de denuncia do mal funcionamento do centro (réxime de titorías, vacacións do profesorado en período lectivo, regulamento de réxime interno, guías docentes...) enviado polo interesado á devandita responsable do centro con copia á Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria, á Vicerreitoría de Ferrol e Responsabilidade Social, á Unidade de Atención á Diversidade, ao Servizo de Organización Académica e ao valedor universitario.
Inicio: 26/06/2017		
Remate: 19/07/2017		
	Actuacións	Unidade de Atención á Diversidade (ADI) e Servizo de Organización Académica (SOA).
	Resolución	No correo do alumno apréciase unha clara intencionalidade de denigrar a imaxe da vicedecana. O escrito, ademais de improcedente, resulta claramente irrespectuoso. Tras conversar con responsables da ADI e do SOA, e visto que o caso estaba a ser tratado coa participación da Secretaría Xeral en contacto coa dirección do centro, deixamos o asunto en mans da Reitoría.

**Curso 2014/2015**

**CASO 576/353** Data 27/10/2014

Reclamante: Allea	Motivo	Solicita que se retiren todos os seus datos persoais dunha serie de ligazóns da páxina web da UDC.
Inicio: 29/10/2014	Actuacións	Secretaría Xeral.
Remate: 29/10/2014	Resolución	Comunicáselle que a Oficina do Valedor Universitario non ten capacidade executiva e que, polo tanto, non podemos ocuparnos directamente da súa solicitude, pero que postos en contacto coa Secretaría Xeral para informalos do asunto, coméntannos que o caso está xa a ser analizado pola Asesoría Xurídica para proceder axustándose plenamente á legalidade.

**CASO 579/356** Data 19/11/2014

Reclamante: Allea	Motivo	A situación en que se atopan os/as estudantes a raíz do cambio que se produciu na denominación do seu título de grao. Manifestan sentirse estafados e que, de saberen que os seus estudos non ían ser considerados como estudos de enxeñaría, moitos deles terían elixido outra carreira, pois pensan que a denominación pode influír nas súas posibilidades de incorporación ao mercado laboral. Solicitan a colaboración do Valedor para coñecer a fondo todo o proceso que levou á invalidez da denominación do seu título de grao, así como os pasos dados pola UDC na súa defensa e as medidas que se poderían adoptar ao respecto por parte da universidade.
Inicio: 28/11/2014		
Remate: 10/07/2015		
	Actuacións	Dirección do centro, vicerreitoría de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías e Secretaría Xeral.

---

Resolución

Como primeira actuación, o 28 de novembro solicítase información ao director do centro sobre os pasos dados a respecto da implantación e a defensa dos graos en enxeñaría no seu centro, sobre a afectación do cambio de denominación do grao ao alumnado que iniciou os seus estudos como un grao en enxeñaría, sobre a publicidade dada ao proceso entre o alumnado e sobre os pasos que, de ser o caso, tiñan previsto dar no inmediato futuro.

No escrito de resposta, recibido o 14/01/2015, o director do centro comeza por comentar que a meirande parte da comunidade da escola, e en particular a súa dirección, teñen tamén un sentimento de estafa e mesmo de ilícito penal e que, en todo caso, o conxunto da información xurídica ao respecto do contencioso, sentenza incluída, supón que será coñecida polo valedor universitario con anterioridade ao requirimento que lles solicita, por constar toda ela nos servizos xurídicos da Universidade.

Recóllese tamén no escrito que, a pesar de a sentenza estar recorrida en casación, a Universidade instounos, por imperativo da Xunta de Galicia, ao cambio de denominación dos graos, sendo as novas denominacións as acordadas pola Conferencia de Directores das Escolas afectadas. A primeira sentenza correspondeu á Universidade de Cantabria en termos favorables cara ao mantemento do termo “enxeñaría” e curiosamente o resto das sentenzas posteriores foron todas desfavorables. As universidades de La Laguna e A Coruña foron as primeiras en iniciar os trámites para o cambio de denominación, seguindo o procedemento oficialmente establecido de solicitude ante a ANECA, sen que a día de hoxe estea verificada favorablemente a nova denominación.

O director afirma tamén no seu escrito que, desde o mesmo momento da presentación do recurso por parte do correspondente Colexio Oficial, informou permanentemente en Xunta de Centro, invitando á asistencia a todos os membros da comunidade educativa en cada unha das sesións nas que se debateron as accións que cumpriría tomar e mesmo convocou unha asemblea xeral cando finalmente saíu a sentenza e a UDC obrigou á modificación das denominacións. En todo caso, sinala o director, os alumnos recibiron todos e cada un dos informes que lles fixo chegar ao respecto durante a tramitación do recurso. O cambio de denominación tivo lugar no mes de marzo do curso pasado e aos alumnos de primeira matrícula foron informados en primeiro lugar da situación das denominacións dos graos na propia xornada de acollida, tras darlles a benvida.

Comenta tamén o director do centro que non existe partida orzamentaria para o mantemento da información web dos centros e que, en todo caso, é un asunto que se irá actualizando, mais que é de difícil comprensión que se se fai referencia ás novas titulacións, algún alumno poida considerarse desinformado.

No escrito do director alúdese tamén á nula personalidade xurídica dos centros e ás limitacións orzamentarias; o recurso custeouse a través das asociacións profesionais, con achegas do profesorado e membros da comunidade educativa da Escola, tendo que encargar a defensa xurídica a un prestixioso bufete de avogados, vistas as limitacións que os servizos xurídicos da UDC amosaron para facérense cargo da defensa xurídica.

Tras comentar que o curso pasado, por mor do recurso e de non ter garantías a respecto da sentenza, non realizaron ningún tipo de campaña de captación de alumnos (como si viñan facendo intensamente con anterioridade), e tras salientar que a situación que se está a dar resulta moi prexudicial para o alumnado, pois mesmo non se lles pode expedir o título por orde da Dirección Xeral de Política Universitaria, agradece o interese amosado polo valedor e maniféstalle que lles gustaría coñecer o que a UDC leva realizado nun asunto da transcendencia e gravidade como do que

---

---

se trata.

O 21/01/2015, co obxecto de dar axeitada e completa resposta aos interesados, remítese un escrito ao secretario xeral e ao vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías en que se lles solicita información sobre os pasos dados pola UDC na defensa dos seus intereses e sobre en que medida queda aínda algunha porta aberta á esperanza para que se restituía a denominación orixinaria do título. Ese mesmo día remíteselles aos alumnos unha copia deste oficio e mais do escrito de resposta que nos fora remitido pola dirección do centro.

Tras varios recordatorios e un requirimento vía oficio o 18/06/2015 con que urxía resposta á miña solicitude de información do 21/01/2015, o 06/07/2015 o secretario xeral remíteme a documentación e o informe elaborado pola letrada asesora da universidade. Neste informe faise referencia á sentenza do Tribunal Supremo de 13 de decembro de 2013 en que se estimaban parcialmente as pretensións da parte actora, que impugnara o acordo do Consello de Ministros do 11 de febreiro de 2011 polo que se establecía o carácter oficial de determinados títulos de grao e a súa inscrición no Rexistro de Universidades, Centros e Títulos (RUCT); detállase a interposición por parte da UDC dun recurso de casación para a unificación de doutrina o 28 de marzo do 2014 ante un pronunciamento radicalmente distinto do mesmo tribunal respecto de idéntico suposto (caso da Universidade de Cantabria); e relátase como finalmente a UDC tivo que acatar a resolución ditada pola Dirección Xeral de Política Universitaria do MECD cumprindo coa sentenza ditada polo Tribunal Supremo malia a interposición do devandito recurso de casación. O informe remata coa indicación de que a UDC está aínda á espera de que se dite sentenza sobre o seu recurso de casación.

O 10/07/2015 remito copia do informe da asesora letrada aos interesados, comunícolles a posibilidade de consultaren toda a documentación que existe sobre o asunto na Oficina do Valedor Universitario e, tras lamentar os inconvenientes que a sentenza do Tribunal Supremo de 13 de decembro de 2013 lles teña podido ocasionar nas súas lexítimas expectativas, coméntolles que o asunto enmárcase nun contexto máis amplo que afecta tamén a outras titulacións do ámbito da enxeñaría, tanto nesta como noutras moitas universidades do Estado que viron como, a pesar de seguir as normas e os procedementos formalmente establecidos para a elaboración e a aprobación de novos títulos de grao, o Tribunal Supremo deu parcialmente a razón (eliminando a denominación "Enxeñaría") a diferentes colexios profesionais de enxeñeiros que recorreron en contra destes.

---

## Curso 2013/2014

**CASO 541/318** Data 19/02/2014

Reclamante: Alumno	Motivo	Quéixase de que, a pesar de ser bolseiro do MECD, o Ministerio non se fai cargo da súa matrícula por ter unha exención por discapacidade.
Inicio: 26/02/2014		Desde a Sección de Bolsas explican que nestes casos, ao ter como exención prioritaria a discapacidade, o Ministerio non se fai cargo do importe do prezo público da matrícula previamente pagado, que correspondería aboar á Xunta de Galicia.
Remate: 28/07/2014		
	Actuacións	Sección de Bolsas, Administración do centro, Vicerreitoría de Estudantes, Deportes e Cultura, Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social e Asesoría Xurídica.
	Resolución	O 26 de febreiro remítese un escrito á vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social e á vicerreitora de Estudantes,



---

Deportes e Cultura para as informar do asunto e solicitarlles a intervención da UDC na medida en que corresponda. O caso estaría a afectar, cando menos, a outra alumna e de non poñérselle remedio podería seguir afectando a máis estudantes con discapacidade no inmediato futuro.

O 11 de maio recíbese resposta da vicerreitora do Ferrol e Responsabilidade Social. Nela faise referencia a que o alumnado de centros adscritos debe rexerse pola mesma normativa que a UDC, que na Normativa de xestión académica da Universidade da Coruña para o curso académico 2013/14 se recolle que as persoas con discapacidade teñen dereito á exención do pagamento dos prezos públicos por servizos académicos establecidos en todas as tarifas do decreto da Xunta de Galicia... (art. 13.2.6), e que neste senso entenden que o centro debería reembolsarlle ao alumno o importe da súa matrícula se efectivamente cumpre os requisitos esixidos: ter recoñecida unha discapacidade igual ou superior ao 33%.

O 18 de xullo, a vicerreitora de Estudantes, Deportes e Cultura, achega, como resposta, unha copia do informe emitido pola Asesoría Xurídica. Nel, tras unha presentación das diferentes cuestións de índole xurídica relacionadas co asunto, indícase que “en materia de compensación, existe na actualidade un conflito competencial xa que algunhas CC. AA. non aboan a dita compensación ás universidades, semella que desde o entendemento de que debe ser o Estado o obrigado ao aboamento da compensación pola exención por discapacidade, por ser o Estado quen o regulou mediante a LOMLOU e non así as comunidades autónomas”. O informe da Asesoría Xurídica remata indicando que “á vista do exposto e da documentación que obra nesta asesoría, enténdese procedente dirixirse á Administración autonómica para os efectos de que aclaren a incidencia referida, xa que, esta administración universitaria carece de competencias para o efecto”.

Á vista deste informe, o 21 de xullo remito un correo á vicerreitora de Estudantes, Deportes e Cultura no que se recolle: “Recibido informe da Asesoría Xurídica sobre o caso da devolución do importe da matrícula aos alumnos bolseiros discapacitados de centros adscritos, entendo que a solicitude de clarificación da incidencia, á que se fai referencia no seu último parágrafo, levarase a cabo por parte da propia institución universitaria. Co fin de poder trasladar en todo momento unha información completa ao interesado, por favor, clarifíqueme este extremo e mantéñame ao corrente dos pasos que se dean a este respecto”. O 23 de xullo, recibo resposta da vicerreitora en que se notifica que “a Universidade non ten competencias no desenvolvemento da discrepancia que vostede presenta xa que se trata dun conflito entre dúas administracións públicas (Xunta e Ministerio) no que a universidade non está lexitimada a entrar”.

O 28 de xullo infórmase detalladamente ao alumno e comunícaselle que, lamentablemente, necesitará reclamar el mesmo ante a Xunta de Galicia, para o que podería serlle de grande utilidade a información proporcionada. Ao tempo, maniféstaselle a disposición do valedor universitario a seguir interesándose polo caso, de non prosperar esta súa solicitude. O convenio de colaboración que viña de ser asinado entre os valedores universitarios do Sistema Universitario Galego e o Valedor do Pobo podería ser unha vía pola que canalizalo.

---

**CASO 547/324** Data 17/03/2014

Reclamante: Grupo de PAS	Motivo	Solicitan que se aclare se a formación sobre o acoso laboral está incluída na formación de todos os postos de traballo tal e como
--------------------------	--------	---

---

Inicio: 21/03/2014

Remate: 31/03/2014

mostra a Resolución da Secretaría de Estado para a Función Pública, pola que se aproba e publica o Acordo do 6 de abril de 2011 da Mesa Xeral de Negociación da Administración Xeral do Estado sobre o Protocolo de actuación fronte ao acoso laboral na Administración xeral do Estado.

Tres membros do PAS, dun mesmo servizo, solicitaron permiso para asistir á “Xornada Técnica - Acoso Laboral: conceptos e avaliación” realizada polo Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA) o 13 de marzo, o cal lles foi denegado por parte do responsable do servizo quen alegou o aptdo. 6.16 da resolución do xerente do 23 de novembro de 2006, en que se fai referencia á necesidade de que o contido dos cursos de formación e perfeccionamento para os que se solicita o permiso estean directamente relacionados co posto de traballo ou a carreira profesional do traballador na Administración.

Tras presentar unha reclamación dirixida ao xerente e ao Servizo de PAS, alegando que “A información sobre o acoso laboral forma parte da formación de todos os traballadores independentemente do posto que ocupen”, e aludindo a que “A universidade non inclúe no seu programa a dita información”, reciben un escrito da xefa do Servizo de PAS en que se lles notifica que a Comisión de Formación acordou manter a denegación.

---

Actuacións	Xerencia.
Resolución	<p>Logo de analizar a diferente lexislación e normativa ao respecto; considerando ademais que o punto 6 da Declaración de principios do Procedemento de Actuación por Violencia Psicolóxica ou Física no Traballo aprobado polo Consello de Goberno da UDC o 20/12/2012 recolle explicitamente que “A Universidade da Coruña comprométese a aplicar estratexias que incluírán elementos de información, educación, formación, capacitación, seguimento e avaliación, co obxectivo non só de previr a violencia psicolóxica e física senón tamén de influír sobre as actitudes e comportamentos das persoas que integran a institución”; e tendo en conta a experiencia proporcionada por diversos casos que chegaran á nosa oficina, remítese un informe ao xerente en que se lle solicita a súa colaboración para que se adopten as medidas oportunas que permitan conxugar a mellor formación posible cos dereitos das/os traballadoras/es. No informe, ademais de recoller os fundamentos de dereito, realízanse as seguintes consideracións:</p> <p><i>Na miña opinión, conformada ao longo destes tres últimos anos por algúns casos que levan chegado á Oficina do Valedor Universitario, a formación sobre o acoso laboral pode ser unha ferramenta esencial que a Universidade debería poñer ao servizo do seu persoal, non só como medida preventiva tendente a evitar que se produzan novas situacións de acoso, mais tamén para que cadaquén dispoña dunhas mínimas ferramentas que lle permitan facer unha axeitada valoración inicial da súa propia situación e, de ser o caso, acudir á Comisión Institucional de Mediación, Arbitraje e Conciliación, de acordo co previsto no devandito Procedemento de Actuación por Violencia Psicolóxica ou Física no Traballo.</i></p> <p><i>Mentres non se dea unha oferta de formación específica sobre o acoso laboral na UDC, debería procurarse, na medida do posible (de xeito gradual e en función das dispoñibilidades do servizo), que aquelas/es que o demanden poidan recibir ese tipo de formación. A propia iniciativa de acudir á formación externa sobre o acoso laboral podería mesmo, nalgúns casos, estar a reflectir a percepción dunha necesidade persoal de información sobre o particular, á que conviría dar prioridade.</i></p> <p>Comunicáselle o informe ás interesadas.</p> <p>O xerente agradece a xestión e manifesta o seu compromiso no asunto.</p>

---

**CASO 562/339** Data 03/07/2014

Reclamante: Alleo	Motivo	Solicita a intervención do valedor universitario para poder obter o recoñecemento dos servizos prestados na UDC durante os anos 2006-2007 como contratado predoutoral e non como lle consta agora, como bolseiro predoutoral.
Inicio: 06/08/2014		
Remate: En curso		Opina que debería ser considerado como contratado predoutoral, xa que, un mes despois da adxudicación da bolsa, entrou en vigor o RD 63/2006, do 27 de xaneiro, polo que se aproba o Estatuto do persoal investigador en formación, en que se recolle que para esa etapa de formación do persoal investigador, se formalizará un contrato laboral co organismo, centro ou institución ao que estea adscrito.
	Actuacións	Servizo de Investigación, Vicerreitoría de Investigación e Transferencia e Asesoría Xurídica.
	Resolución	Tras a solicitude de intervención do interesado, solicítase información á xefa do Servizo de Investigación, quen nos comunica que debemos solicitar a información á Asesoría Xurídica. Coméntase o asunto co vicerreitor de Investigación e Transferencia e este queda en remitir a documentación á Asesoría Xurídica desde a vicerreitoría, para que analicen o caso e informen. Estase á espera de recibir o correspondente informe.

**Curso 2012/2013****CASO 488/265** Data 24/10/2012

Reclamante: Alumno	Motivo	Tras sufrir un accidente no centro, desde este envíanolo a un centro hospitalario e alí non o atenden por estar dado de alta como traballador no réxime da Seguridade Social.
Inicio: 25/10/2012		
Remate: 19/11/2012		
	Actuacións	Servizo de Asesoramento ao Estudante (SAPE), Vicerreitoría de Estudantes, Deportes e Cultura e Servizo de Patrimonio, Inventario e Xestión Económica.
	Resolución	Tras analizar a póliza de seguros subscrita pola UDC cunha compañía de seguros para todo o seu alumnado, compróbase que o erro foi do propio centro hospitalario, pois esa póliza cobre a atención de todos os alumnos, independentemente da súa idade e de se están ou non asegurados como traballadores na Seguridade Social. Desde a Sección de Contratación da UDC pónense en contacto coa compañía de seguros e solicítanlle que lle lembre ao centro hospitalario as condicións do contrato. Así se fai, e a persoa do hospital responsable de atención ao paciente informa que dará as instrucións oportunas para que non se volvan repetir ese tipo de situacións.

**CASO 500/277** Data 15/01/2013

Reclamante: Alumno	Motivo	Solicita ao valedor que interceda para que lle devolvan o importe da matrícula dun curso do Centro de Linguas. O alumno matricúlase nun curso de conversa del nivel avanzado (C1) e unha vez que o inicia considera que o nivel é inferior ás súas expectativas.
Inicio: 17/01/2013		
Remate: 18/01/2013		
	Actuacións	Dirección do Centro de Linguas.
	Resolución	A petición do valedor universitario, o director do Centro de Linguas remite un detallado informe en que salienta que o reclamante non presentou aínda ningunha reclamación formal no Centro de Linguas, senón que foi atendido pola Coordinadora Académica do campus da Coruña quen lle explicou que as causas de devolución figuraban na páxina web e que a razón que alegaba non estaba

entre elas e que, a pesar de que o alumno abandonara xa mediada a primeira clase, lle ofreceu explorar a posibilidade de que puidese continuar noutro curso ou de gardarlle a matrícula para unha quenda posterior. Porén, o reclamante rexeitou ambas as propostas e, pola súa banda, ofreceu a posibilidade de que continuase o curso no seu lugar un irmán seu. Dado o atípico do caso, e que nunca antes houbera unha reclamación de alguén que considerase que o curso non está á súa altura, o asunto discútese nunha reunión do equipo directivo e decídese consultar co profesor sobre se o nivel do grupo era de C1 ou claramente inferior, e cal era o nivel do resto do grupo comparado co do reclamante. Acórdase que a Coordinadora Académica contacte co profesor e chame ao estudante para pedirlle que asista á segunda sesión de clases e facer posible así a verificación destes extremos. O reclamante negouse reiteradamente a aceptar asistir a unha nova sesión ata que, logo de explicarlle a coordinadora que dese xeito estaba facendo a devolución imposible, aceptou asistir un rato. Entre tanto, o profesor do curso nega que o nivel non sexa o esperado para o C1, comenta que os participantes que asistiran á primeira sesión teñen un nivel suficiente e que, en principio, o reclamante non lle parecera o alumno máis avantaxado do grupo. Ao día seguinte da segunda sesión de clases, o director do Centro de Linguas remite un novo correo ao valedor, en que informa de que o reclamante non asistiu á devandita sesión, tal e como se lle pedira e finalmente aceptara, e salienta que, mesmo no caso de que o nivel do reclamante fose superior ao dos seus compañeiros, non procedería legalmente a devolución do importe xa que o curso que se estaba a impartir era o anunciado e que, segundo lle viña de confirmar o profesor, o nivel dos que asistiran á sesión era definitivamente o adecuado para ese curso. O valedor universitario informa ao interesado dos escritos do director do Centro de Linguas, ao tempo que lle comunica que, de non haber novos elementos que contradigan os feitos que se relatán neles, sorpréndelle a súa total falla de colaboración, especialmente á vista da actitude e das actuacións do persoal do Centro de Linguas co fin de analizar a procedencia ou non da devolución do importe da súa matrícula, mesmo antes de que o interesado procedera a presentar unha reclamación formal no centro.

**CASO 507/284** Data 21/03/2013

Reclamante: PAS	Motivo	Coa elaboración dunha nova relación de postos de traballo (RPT) suprimen o seu posto de traballo e na nova relación danlle un posto en quenda de tarde noutro centro, a pesar de existiren vacantes en quenda de mañá. Solicitud de reasignación dunha praza en quenda de mañá co fin de poder conciliar a vida laboral e familiar.
Inicio: 25/03/2013		
Remate: 04/04/2013		
	Actuacións	Xerencia.
	Resolución	O valedor contacta co xerente para interesarse polo caso. A interesada dirixírase á Xerencia e a outras instancias en repetidas ocasións. O xerente comenta que a RPT que estaba a piques de publicarse era froito dun acordo coas partes representadas na negociación e nomeadamente co Comité de Empresa. Tal acordo incluía o mantemento das quendas. Segundo o xerente, o novo posto de traballo da reclamante sería equivalente ao actual, pois seguiría a ser un posto en quenda de tarde gozando da posibilidade de cubrir vacantes ou baixas en quenda de mañá, sempre que lle correspondera por antigüidade e méritos. Outorgarlle directamente un posto de mañá podería supoñer unha agravio comparativo con respecto a outros compañeiros con méritos preferentes. O xerente comenta que remitirá cumprida

---

resposta á interesada. Todo isto comunicáselle á reclamante.

---

## Curso 2011/2012

**CASO 438/215** Data 20/09/2011

Reclamante: Persoal do Capitulo VI	Motivo	Persoal contratado con cargo aos fondos do Capítulo VI que primeiramente fora admitido nun curso de formación para posteriormente ser excluído del dun xeito informal. Cuestiónase a forma e o fondo da súa exclusión.
Inicio: 22/09/2011	Actuacións	Xerencia.
Remate: 29/09/2011	Resolución	Infórmase ás persoas reclamantes de que a Xerencia admite un erro na relación de persoas admitidas ao curso e que unha vez advertido procedeu a comunicar a exclusión ás persoas afectadas de xeito personalizado, mais iso non implicaba que non se fora realizar unha corrección formal. No informe recóllense tamén as alegacións da Xerencia para xustificar a exclusión do curso deste persoal: “a convocatoria explícita que o curso está dentro da oferta de accións formativas do Plan de formación integral do PAS, ao abeiro do cal se publica a convocatoria... estes cursos son financiados con fondos que proceden de partidas orzamentarias do Capítulo I e que se refiren a persoal de administración e servizos”.

**CASO 456/233** Data 22/11/2011

Reclamante: Alumnos/as	Motivo	“Manifesto” asinado por máis de 200 alumnos/as en que denuncian numerosas deficiencias e disfuncións no funcionamento do seu centro ao tempo que presentan propostas de mellora. Demandan, entre outras cousas, as seguintes: un trato correcto nas aulas co fin de evitar descualificacións persoais, que se evite o absentismo do profesorado e se controlen os horarios, que se investiguen as causas dos malos resultados nalgunhas materias, que se respecten os períodos de publicación de notas, revisión de exames e actas, que os traballos realizados teñan un peso real na cualificación das materias, que se publiquen as cualificacións parciais dos traballos para evitar incertezas, que se unifiquen criterios e exames, que os departamentos se coordinen debidamente para poder utilizar proxectos dunhas materias para outras, que se evite que haxa materias cuadrimestrais a funcionaren na práctica como anuais, que a importancia do informe do/a titor/a do PFC sexa real para así evitar tensións insoportables o día da presentación, que se modifiquen os requisitos para a realización de intercambios con outras universidades e non se esixa ter o primeiro ciclo completamente aprobado etc.
Inicio: 26/12/2011	Actuacións	Dirección do centro.
Remate: 02/04/2012	Resolución	O equipo directivo do centro asina un detallado escrito de resposta en que, tras sinalar que calquera suxestión ou reclamación presentada polo alumnado lle merece a maior atención e consideración, indica que desde a súa recente toma de posesión mantén un constante contacto coa realidade do día a día do centro, asumindo unha actitude vixiante e actuando con rapidez cando se detecta algunha disfunción que deba ser corrixida. Dito isto, salienta que se trata dun escrito de denuncia sen ningún dato concreto verificable e, após de lamentar que fose entregado na Oficina do Valedor sen previamente ter noticia ningunha ao seu respecto, rexeita con rotundidade a forma e o fondo do escrito ao tempo que sinala os vieiros polos que algúns dos aspectos denunciados se están a corrixir na actualidade. Concretamente, no mencionado escrito de alegacións, a dirección

---

do centro alude explicitamente ao creto e á transcendencia que o valedor lle concedeu ao mencionado “manifesto”. Por esta razón, o valedor universitario remítelle un escrito en que, tras agradecer a súa detallada resposta ao escrito de denuncia, destaca os pasos que se deran antes da aceptación a trámite do escrito de denuncia e mais os indicios que tomara en consideración para así actuar: [Pasos previos.- O valedor tivo coñecemento do manifesto por primeira vez o 24 de xuño de 2011, con ocasión dunha entrevista solicitada polo primeiro asinante do manifesto. Nesta e noutras conversas diversos asinantes transmitiranlle que estaban cansos do que para eles era un cúmulo de situacións impropias de seren sufridas por alumnos universitarios aos que lles asisten uns dereitos como estudantes e que son merecedores dun respecto como persoas. Desde o primeiro momento o valedor transmite aos interlocutores que a mellor vía é a do diálogo sosegado coa dirección do centro, mais estes amósanse pouco confiados e temerosos de represalias. Ao comezo do novo curso, e tras apreciar indicios suficientes para ocuparse do caso, o valedor insiste de novo na súa proposta de diálogo, toda vez que se iniciou un proceso electoral á dirección do centro; o valedor suxire que se discuta abertamente cada punto do manifesto cos/as futuros/as candidatos/as, ou con quen resulte finalmente electo/a. Tras tomarse un tempo para analizar esas posibilidades, os asinantes declinan facer uso desa vía, e o 22 de novembro de 2011 presentan o manifesto no rexistro da oficina do valedor e solicitan a súa intervención para manter a confidencialidade das persoas asinantes.]

[Indicios.- O tempo medio que lle leva rematar a carreira a un alumno duplica o previsto no plan de estudos, a pesar da nota de corte dos últimos anos e de tratarse dunha carreira de marcado carácter vocacional; o número de queixas recibidas na oficina do valedor era particularmente elevado en comparación con outros centros; algunhas queixas concretas recibidas recentemente na Oficina do Valedor constituían claros sinais de alarma; nos arquivos da Oficina comprobouse que cando menos parte dos aspectos que se estaban a denunciar foran xa obxecto de queixa no pasado; o valedor non alcanza a comprender como un elevado número de alumnos se xunta, discute e elabora un manifesto para pedir o que xa ten.]

Tras manifestar o seu acordo coa dirección do centro en que se lle debe dar unha marxe razoable de tempo, o valedor comenta que dificilmente cabe agardar melloras cando estas se consideran innecesarias, e salienta que sempre transmitiu aos alumnos que o novo director lle parecía unha persoa aberta ao diálogo e comprometida coa mellora do centro.

Remítese unha copia deste informe ao primeiro asinante do manifesto, xunto con outro escrito en que se recollen as respostas concretas dadas pola dirección do centro aos 10 puntos do manifesto e no que o valedor recomenda ás persoas reclamantes o seguinte:

- Que colaboren coa dirección do centro e lle fagan chegar calquera disfunción que eventualmente consideren que se está a producir, tanto no ámbito estritamente académico como no persoal, e denuncien, se for o caso, tratos impropios que puideren afectar á dignidade das persoas, máis aló da necesaria e útil crítica construtiva centrada en xulgar o traballo académico.
- Que non teñan medo a ningún tipo de represalias por parte de ninguén e que, no moi improbable caso de que algún profesor optase por esa vía como medida de resposta ás lexítimas demandas dun alumno, non terían máis que poñelo en coñecemento dos órganos de goberno do centro e/ou do valedor universitario.

Finalmente, e para a súa información, remítese unha copia deste

---

---

último escrito ao director do centro e mais unha copia de todos os escritos intercambiados coa dirección do centro e coas persoas reclamantes ao reitor.

---

## Curso 2010/2011

### CASO 398/175 Data 19/12/2010

Reclamante: Alumna	Motivo	Non concesión de premio extraordinario e tardanza na resolución do recurso presentado.
Inicio: 23/12/2010	Actuacións	Secretaría Xeral e dirección do centro.
Remate: 05/04/2011	Resolución	Infórmase á reclamante de que tras recibir na Secretaría xeral un informe motivado do tribunal, o asunto resolverase na próxima reunión do Consello de Goberno.

### CASO 412/189 Data 04/05/2011

Reclamante: Asoc. Estudiantes	Motivo	Denegación de permiso para colar faixa con reivindicación académica no vestíbulo do centro.
Inicio: 05/05/2011	Actuacións	Dirección do centro.
Remate: 06/05/2011	Resolución	Infórmase aos reclamantes de que as competencias recaen na dirección do centro e que o decano manifesta que desde hai tempo teñen por norma non permitir no seu centro colgar nin colar carteis fóra dos taboleiros. Comunicaselle igualmente que si poderían poñer mesas informativas no vestíbulo nas cales se podería colocar información a modo de faldrón ou mesmo pancartas informativas na parte posterior.

### CASO 433/210 Data 05/08/2011

Reclamante: Alumno	Motivo	SOS dunha persoa que manifesta a moi difícil situación económica pola que atravesa un veciño seu, alumno de 3.º ciclo na UDC, estranxeiro, con escaso coñecemento das linguas da nosa comunidade, quen por cuestión de requirimento de homologación de título para poder ser contratado en novos proxectos de investigación no laboratorio onde realiza a súa tese carece dos recursos máis básicos para a súa subsistencia.
Inicio: 08/08/2011	Actuacións	Director da tese, responsable do grupo de investigación, Servizo de Investigación, Servizo de Intervención, Vicerreitoría de Investigación e Oficina de Estranxeiría da Subdelegación do Goberno na Coruña.
Remate: 15/11/2011	Resolución	Cando despois de moitos atrancos se dá cunha fórmula que posibilita a contratación do alumno con cargo a un proxecto, o tema complicase coa caducidade do permiso de residencia, necesario para a sinatura do contrato (e viceversa, dada a falla de recursos económicos). Aínda que o asunto se escapa das competencias da oficina do valedor, acaba por centralizarse nela ata que se consegue resolvelo.